

TEMA 11 – A CRISE DA MONARQUÍA ABSOLUTA: ABDICACIÓNS E OCUPACIÓN NAPOLEÓNICA¹

ORIENTACIÓNS ABAU:

O alumnado deberá contextualizar a crise da monarquía absoluta española no reinado de Carlos IV, facendo referencia aos problemas económicos, políticos e sociais que o caracterizan, así como ao impacto da Revolución Francesa sobre o mesmo. Explicar o proceso de abdicacións en Baiona e demostrar que coñece as repercusións da ocupación napoleónica tanto na súa vertente política (gobierno francés/Xuntas revolucionarias), como militar (guerra, pero sen entrar no desenvolvemento da mesma).

Os documentos obxecto de comentario farán referencia a:

- Crise da monarquía absoluta, nos eidos económico e político
- Abdicacións de Baiona
- Goberno francés e as súas repercusións na sociedade
- Proceso revolucionario centrado na formación da guerrilla e das xuntas.

OS PROBLEMAS NO REINADO DE CARLOS IV

A inicios do s. XIX, España era aínda un país ancorado no Antigo Réxime, é dicir: absolutista, con sociedade estamental e cunha economía agrícola e feudal. Isto contrastaba con Francia, que comezara en 1789 a súa revolución liberal contra o Antigo Réxime, converténdose de inmediato en modelo a imitar para os que querían derrocar ese Antigo Réxime. No outro lado, poñendo en garda e á defensiva ás monarquías absolutistas, España. Alí reinaba Carlos IV (un Borbón), que delegou o goberno no seu valido **Manuel Godoy**, nun momento de profunda crise para a monarquía española. Distinguimos os seguintes problemas:

Económicos:

- 1) polas malas colleitas e a fame (típicas dunha economía agraria feudal e atrasada)
- 2) polas dificultades para comerciar coas colonias en América (debido a ataques ingleses)
- 3) pola crise na facenda (debido aos enormes gastos en guerras), o que levou a Godoy a intentar a primeira desamortización da historia de España.

Sociais:

- 1) pois hai un enorme malestar social, a consecuencia da fame, a crise e as guerras.

Políticos:

- 1) 1793 cando España declara a guerra á Francia revolucionaria (tras guillotinar ao seu rei)
- 2) A falta de preparación e as continuas derrotas obrigaron a asinar a paz en 1795, proceso no que Godoy consegue o título de **Príncipe da Paz**. A partir deste momento, a política exterior de España centrase na alianza con Francia fronte á ameaza de Gran Bretaña sobre o comercio con América.
- 3) Os últimos anos do s. XVIII resultou nun enfrontamento entre os que querían reformas e os da tradición. Dependendo da época, os ilustrados terán o favor do rei e de Godoy ou non.

O PROCESO DAS ABDICACIÓNS DE BAIONA

Neste contexto de crise para a monarquía española, todo se complicaría aínda moito máis. Napoleón intentou invadir Gran Bretaña xuntando as armadas francesa e española que serán derrotadas na batalla de **Trafalgar** en 1805. Tras a estrepitosa derrota, Napoleón muda de estratexia: decreta o bloquea continental que prohibe todo comercio por mar con Gran Bretaña. Cando Portugal se nega a iso, Napoleón comeza os trámites con España para poder invadila. Así é como Godoy accede a asinar o **Tratado de Fontainebleau** con Napoleón (1807), no que:

- 1) se autorizaba o paso das tropas francesas por territorio español
- 2) a cambio do reparto de Portugal e as súas colonias entre Francia e España
- 3) crearíase un reino (o Reino do Algarve) para o propio Godoy.

¹ Textos de <https://somohistoriaconmiguelabaira.blogspot.com/2021/02/para-que-serven-estes-apuntes.html> @miguelabaira e materiais do libro de texto de Historia de España de 2º de Bacharelato da editorial Baía.

En marzo de 1808, coas tropas francesas xa atravesando España (moitas máis das acordadas), Godoy comeza a desconfiar das verdadeiras intencións de Napoleón, e leva os reis ao Palacio de Aranjuez, por se é preciso que embarquen cara América. Os fernandinos, un grupo de nobres oposto a Godoy e desexoso de que Fernando reine, asaltan o palacio (**Motín de Aranjuez**, marzo 1808), deteñen a Godoy e obrigan a Carlos IV a abdicar en Fernando.

Carlos IV, en desacordo, escribe unha carta a Napoleón, presentándollo como un golpe de estado e pedíndolle que exerza como intermediario e lle axude a recuperar a Coroa. Napoleón ve nesta lamentable situación unha oportunidade e reúneos en Baiona, onde tanto Carlos como Fernando acaban entregando os dereitos sobre a Coroa española a Napoleón.

Este proceso coñécese como as **abdicacións de Baiona**. Tanto Fernando VII como Carlos IV retíranse ao Palacio de Valençay onde pasarán cinco anos sen perder o trato de monarcas. Napoleón entrega a coroa española ao seu irmán Xosé (xa daquela rei de Nápoles), e a continuación convoca unha asemblea de deputados españois en Baiona para forzalos a aprobar o novo Rei e a chamada Constitución ou **Estatuto de Baiona**. Trátase dun texto que pretendía ser a primeira Constitución da Historia de España:

- 1) Non é unha constitución porque non está feita por unhas Cortes formadas por representantes da nación (como debería), senón polo propio Bonaparte. É unha “Carta outorgada”.
- 2) Ten trazos conservadores: poder do rei, relixión católica, cortes estamentais.
- 3) Tamén trazos innovadores: elimina a Inquisición e os dereitos señoriais para crear no seu lugar un poder xudicial independente, reúne todas as leis nun mesmo código, suprime aduanas interiores, elimina a tortura... rompendo así en parte co A.R.

Na práctica, Xosé I (Pepe Botella) nunca sería aceptado como rei polos españois, salvo polos chamados **afrancesados** (como Goya ou o escritor Fernández de Moratín), termo despectivo que se deu aos poucos españois que aceptaron colaborar co rei Xosé I, xa que pensaban que esta era a única vía para lograr a modernización de España.

AS CONSECUENCIAS DA OCUPACIÓN NAPOLEÓNICA

Ante os sucesos de Baiona e a ocupación francesa, o pobo de Madrid rebélase por medio dun levantamento popular contra soldados franceses o **2 de maio de 1808**. Pero sen o apoio do exército español, os franceses lograron controlar a situación rápido, castigando a rebelión do pobo cunha brutal represión ao día seguinte (retratada por Goya). Isto provocou que se espallaran idénticas sublevacións populares por todo o territorio, dando comezo así a longa **Guerra da Independencia** (1808-1813) contra os franceses. Unha guerra na que podemos destacar:

No plano militar:

O pobo é chamado a loitar para defender a tradición, a relixión e a Fernando VII. Vai organizarse baixo a táctica da guerra de guerrillas, evitando no posible a batalla frontal. Algúns xefes desas cuadrillas da guerrilla pasaron a considerarse heroes populares como Espoz Mina, Juan Martín Días, o Empecinado, ou o cura Merino. Con todo, Francia sufrirá as súas primeiras gran derrotas en campo español, como foi a batalla de Bailén (1808).

A Guerra da Independencia foi un conflito internacional: as tropas inglesas, enviadas tanto a Portugal como a España, loitarán primeiro baixo o mando primeiro de John Moore (morto na Coruña) e de Wellington despois.

No plano político:

A pasividade das autoridades establecidas antes as abdicaçãos de Baiona e a invasión das tropas francesas provocou que as elites dominantes, co apoio do pobo, creasen novas institucións de goberno. Convivirán dous gobernos ao mesmo tempo: o de Xosé I, na zona ocupada, pero que contou tan só co apoio dos chamados afrancesados.

Xa en maio e xuño de 1808, numerosas vilas e cidades crearon as Xuntas de Goberno. Fundamentaron o seu poder na vontade popular e colectiva de defensa do territorio. As xuntas asumiron o poder supremo e a soberanía na súa xurisdición. En cada poboación xurdiu unha **xunta local** e todas estiveron baixo a autoridade dun número reducido de **xuntas supremas provinciais**. Para maior coordinación, as xuntas provinciais formaron unha **Xunta Suprema Central Governativa de España e Indias**, que exerceu o goberno de España desde setembro de 1808.

Estas Xuntas nacían sempre cun dobre obxectivo: 1) organizar a loita contra o invasor francés; 2) organizar o goberno, ao considerar ilexítimo o de Xosé I.

En xaneiro de 1810, ante a necesidade de concentrar este poder e coñecer a vontade do país, a Xunta Suprema Central foi substituída polo Supremo Consello de Rexencia que decide convocar **Cortes Xerais Extraordinarias**. Cortes formadas, non por estamentos, senón por representantes de cada provincia. A cidade elixida para estas Cortes é Cádiz, cidade costeira, moi ben defendida, e único territorio peninsular que se mantivo sempre libre de ocupación francesa.

En Cádiz é onde os deputados comezarán a elaborar decretos e a primeira Constitución, a de 1812, coa que eliminaban o Antigo Réxime e establecían no seu lugar un modelo liberal: con Soberanía nacional, separación de poderes, supresión dos señoríos e a Inquisición e coa esperanza de que o seu lexítimo rei, Fernando VII, a aprobase ao seu regreso.

En Galiza, fronte á ocupación, lograronse vitorias como a Reconquista de Vigo ou Elviña, sendo o primeiro territorio europeo en lograr expulsar aos franceses unha vez ocupado.

Este período remata en 1813, co **tratado de Valençay**, que devolve a coroa a Fernando VII, quen, co apoio do pobo (“vivan las cadenas”) e dos absolutistas (“**Manifiesto dos persas**”), publicará o **Decreto de Valencia**, eliminando a Constitución, as Cortes e todo o feito en Cádiz, para restaurar totalmente o absolutismo e o Antigo Réxime. Con todo, a semente do liberalismo xa estaba botada e irá agromando lenta durante o XIX.